

Prezadas familias:

Como saberedes, a normativa de uso dos comedores escolares establece que os usuarios do comedor para o vindeiro curso deben abonar certa cantidade por día efectivo de uso do mesmo, en función da renda per cápita familiar. As cantidades son as seguintes:

UNIDADES FAMILIARES CON UN ÚNICO MENOR EN IDADE ESCOLAR	RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA MENOR OU IGUAL A 7.000 €	0 €
	RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA DE 7.000,01 A 8.000 €	1 €
	RENDA ANUAL PER CÁPITA DE 8.000,01 A 9.000 €	2,50 €
	RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA IGUAL OU SUPERIOR A 9.000,01 €	4,50 €
UNIDADES FAMILIARES CON DOUS MENORES EN IDADE ESCOLAR	RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA MENOR OU IGUAL A 7.000 €	0 €
	RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA DE 7.000,01 A 8.000 €	1 €
	RENDA ANUAL PER CÁPITA DE 8.000,01 A 9.000 €	2,50 €
	RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA IGUAL OU SUPERIOR A 9.000,01 €	4,50 €
UNIDADES FAMILIARES CON TRES OU MÁIS MENORES EN IDADE ESCOLAR.	RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA MENOR OU IGUAL A 7.000 €	0 €
	RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA IGUAL OU SUPERIOR A 7.000,01 €	1 €

Usuarios gratuítos do servizo:

- Alumnos que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais.
- Alumnos que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Alumnos cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Alumnos pertencentes a familias vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.

A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2021

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro,
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF do ano 2021:

casiña 435 + casiña 460 – casiña 595

O resultado obtido dividírase polo número de membros que forman parte da unidade familiar. O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que **ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración.** Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas 0003 (retribucións dinerarias) e 0027 (intereses) e restar os importes das casiñas 0013 (cotizacións seguridade social), 0596 (retencións procedentes do traballo) e 0597 (retencións procedentes do capital mobiliario).

- **Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda** ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.